



VERBUM

Casa das Palabras

Avenida de Samil 17, VIGO

C 986240130

www.verbum.vigo.org

III FESTIVAL INTERNACIONAL DE POESÍA EXPERIMENTAL E DE ACCIÓN

do 1 ao 16 de Abril de 2011

DÍA 01

/20h. XOSÉ M. ÁLVAREZ CÁCCAMO

/21h. COLECTIVO BU (Instalación)

/21:30h. KINOPOEMAS (Lola López Cózar - Tzizti Barrantes - Poncho Franco
- Nel Amaro - Hanna Husberg - Erika V. Padilla)

DÍA 02

/20h. AMÉRICO RODRIGUES

/21h. JULIEN BLAINE

DÍA 08

/17h.- 21h. OBRADOIRO VISUAL EXPRÉS (Julio Fernández)

/21:30h. PAISAXES SONOROS EMPRESTADOS (Pedro Alba)

DÍA09

/12h-20:30h. NEL AMARO + DOMIX GARRIDO + ANA MATEY +
YOLANDA PÉREZ HERRERAS (Porta do Sol e arredores)

/20:30h. SERGI QUIÑONERO

/21h. MESA REDONDA (Poesía de acción no espazo público)

DÍA 15

/20h. BEGOÑA QUQUEJO SUÁREZ

/21h. MARÍA ROJA + FRAN BUCETA + BERIO MOLINA

DÍA 16

/20h. LA RADIO EXPERIMENTAL (ÁNGELES OLIVA + TOÑA MEDINA)

/21h. LOGAN3 (JAVIER MONTERO + EMILIO PAPEL + LUIS SOMOZA)

INTERACTIVOS: TALLER DE ZENÓN

TRANSPORTABLES: AIRE, CLEMENTE PADÍN

EN EXPOSICIÓN: Suturas de arte-correo: TITO SUPERSTAR, ALBERTO LAMAS, RAÚL
REGUERA, ALBERTE ROMÁN, COLECTIVO BU, JORDI OLTRA, STEVE GIASSON, PABLO
ROCU, CLEMENTE PADÍN, AMARILYS QUINTERO, JOSÉ CARLOS VELÁZQUEZ, NEL
AMARO, SERGI QUIÑONERO, ANGELS J. SAGUÉS, JOSÉ BLANCO, SUSANA MUYAY, JUAN
FERNANDO ORTEGA.

produce



organiza



<http://www.edita-t.com/poesia-accion/>

<http://www.inaudita.org>

colaboran



Un ano máis *Poéticas para unha vida* inicia a súa andadura co obxectivo de ofrecer un panorama de actualidade no que se refire á poesía máis experimental, estendendo este adxectivo a toda proposta que indague na función poética ou que trate de explorar novas vías de expresividade a través do texto, a imaxe, o propio corpo...

O atrevemento, en consecuencia, é unha das características que definen este encontro, con propostas inéditas -moitas delas pensadas para a ocasión- que con frecuencia se mergullan en ámbitos limítrofes pero que conectan profundamente co feito poético a través da transmisión de sensibilidade.

A arte (a poesía) de acción irrompe con forza nesta edición da man de varios artistas (poetas) cunha ampla traxectoria tanto realizadora como organizativa. As súas accións, pensadas ou desenvolvidas -na maior parte dos casos- para a rúa, falan da capacidade da poesía para establecer un pulso (lúdico, irónico, crítico e festivo) coa propia urbanidade.

Autores, algúns deles, referencia obrigada no ámbito da poesía de acción, e cuxa presenza vai máis aló da execución do acto para converterse en acontecemento simbólico, capaz de deixar pegada ao seu paso pola Casa das Palabras.

A súa vez, o son, que historicamente estivo ligado a movementos de vangarda, eríxese nesta terceira edición como motor de non poucas das intervencións, e nalgúns dos casos, será o que articule a creación artística. A poesía sonora, a performance radiofónica, a manipulación acústica, a poesía dos murmurios... delatan un interese crente por abrir expectativas nesta dirección, e que motivan a nosa busca de alianzas con outros festivais, como é para este ano o caso de *CreatSonor*, en Tarragona, organizado por *L'OVella Vermella*.

Esta é unha programación feita cun alto grao de ilusión que desexa ser compartida, aberta tamén á participación cidadá dun xeito activo nalgunhas das propostas.

Julio Fernández



XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO

FOTO: Paco Vilabarro

Día 1, 20 h.

**Poesía discursiva +
(obxectos poemáticos
= poemas obxectuais)**

Poeta galego. (Vigo, 1950)
Profesor e crítico literario,
ten publicado ademais obra
narrativa e teatral.

Autor de poemas-obxecto e visuais.

Na súa traxectoria non faltan os recoñecementos: o *Esquíu* (1986), Premio da Asociación de Críticos de España (1987), Premio Asociación de Escritores en Lingua Galega (2004), e moitos outros.

Entre as súas últimas obras, podemos citar: *Vilar dos fillos* (2004), *Vento de sal* (2008), *Cántico dos topónimos esdrúxulos* (2010).

Manuscritos do ar (2007) é unha antoloxía que inclúe varios poemas autógrafos. A escolma *De sombras e poemas que son casas* (2010) inclúe un CD con textos recitados polo autor.

Día 1, 21 h. COLECTIVO BU

presentación do proxecto

Mercado de poesía, proxecto interactivo, con claro carácter efémero, para consumo inmediato. Ademais do poema escrito ofrécese un megáfono de papel para que a poesía poida diseminarse.



Co lema final *Disemina a túa poesía*, o colectivo Bu aspira a que os murmurios de poesía anden por todas as partes posibles do festival. Poesía de todos, para todos e en todas as partes. O público sae deste xeito do seu lugar de cómodo observador, para tomar o papel de participante activo. A proposta móvese na crenza férrea da capacidade das rúas como importantes dínamos culturais e artísticas. O colectivo Bu desenrola a súa actividade en Lisboa (Portugal). Nos seus traballos é patente a revivificación da palabra, a cal adquire conciencia crítica, e convértese nun poderoso vehículo de acción cultural e social.

Suturas de arte correo

TITO SUPERSTAR, ALBERTO LAMAS, RAÚL REGUERA, ALBERTE ROMÁN, COLECTIVO BU, JORDI OLTRA, STEVE GIASSON, PABLO ROCU, CLEMENTE PADÍN, AMARILYS QUINTERO, JOSÉ CARLOS VELÁZQUEZ, NEL AMARO, SERGI QUIÑONERO, ANGELS J. SAGUÉS, JOSÉ BLANCO, SUSANA MUYAY, JUAN FERNANDO ORTEGA.

Poema interactivo

TALLER DE ZENÓN (Miguel Jiménez)

Pienso. Luego...

Día 1, 21:30 h. KINOPOEMAS

Unha selección entre as propostas audiovisuais recibidas desde diferentes países que destacan polo uso da suxestión narrativa no encontro da poesía visual en movemento (López Cózar), á busca dun linguaxe corporal en simbiose coa voz (Vanessa Padilla), a utilización da mirada irónica sobre a realidade (Nel Amaro), a delicada denuncia da inxustiza (Tzizti Barrantes), o rexistro axeitado da acción poética (Poncho Franco) ou a experimentación co tempo e co espazo visual cinematográfico (Hanna Husberg).

Yaku (1' 20'')

PONCHO FRANCO (Ecuador)

Entierro no nacido (2' 59'')

TZIZTI BARRANTES (Colombia)

Poemas-acción (6' 20'')

NEL AMARO (Asturias)

Miradas (3' 40'')

LOLA LÓPEZ CÓZAR (Granada)

Cartografía de pies a cabeza (6' 11'')

ERIKA VANESSA PADILLA (Ecuador)

Swimmer (4' 10'')

HANNA HUSBERG (Francia)



Día 2, 20 h.

AMÉRICO RODRIGUES

Guarda (1961). Poeta sonoro, actor, escenificador e programador de eventos culturais. É o Director artístico do Teatro Municipal da Guarda. Desde 1979 desenvolve un traballo continuo de improvisación vocal para teatro, música, poesía, danza e performance. Participou en numerosos eventos internacionais.

«No início era a própria respiração. No início não era o verbo, era a respiração, o vento que circulava dentro dos corpos, o sopro mágico. No início, era, então, o ar. O ar que mantinha o corpo, um corpo feito de ar e sangue. O ar é como o sangue, os dois essenciais. O ar é poético porque é invisível. A poesia é o indizível. Depois veio a voz, sopro feito voz, voz que chora e que ri, que dança, que inquieta, que é remoinho. Vozes que vozeiam, que respiram. Não há uma voz igual, todas diferentes, todas feitas de pedacinhos do ser. Dentro da voz, o mundo de cada um, as emoções. Tudo está inscrito na matriz da voz. A voz, prodigiosa descoberta, antes do fogo e do fogo que há na voz, logo a seguir ao primeiro momento do homem sobre a terra.»





Día 2, 21 h. JULIEN BLAINE

Rognac (Francia), 1942.

Un dos creadores da poesía de acción en Francia, con gran influencia na performance e na poesía experimental contemporánea.

Julien Blaine fundou en 1973 *Doc(k)s*, emblemática revista de poesía, e desde entón realiza un incansable labor de difusión da linguaxe poética.

É autor de numerosísimas publicacións e así mesmo participou en infinidade de exposicións individuais, eventos internacionais, etc.

Día 8, 17 h – 21 h.

Obradoiro visual exprés: JULIO FERNÁNDEZ

Aberto a calquera persoa con inquedanzas poéticas. Traballarase con obxectos, sons, palabras... Cada participante propondrá ideas e imaxes que serán postas en común no obradoiro. A finalidade é abrir a sensibilidade cara á *poesía do cotiá*. Unha vez finalizado, terá a súa continuación na Rede mediante un Banco de Intercambio Visual.

Inscripción de balde.

Día 8, 21:30 h.

Paisaxes sonoros emprestados: PEDRO ALBA

(Emisión en directo desde o *Teatre O Magatzem de Tarragona* Festival **CreatSonor**, de Tarragona. Dur: 10 min.)

Pezas poéticas de carácter sonoro, a partir dos sons e as voces que se suceden nos Cascos Antigos da cidade de Tarragona e da cidade de Vigo. Realizada a partir da captura e a edición aleatoria da vida Audible, da primeira cidade (Vigo) en 2011 e da segunda (Tarragona) en 2012, e a interacción en vivo con moduladores de voz e midies.

Este proxecto trata de invitar á cidade e ao cidadán a examinar a súa propia realidade, as realidades doutras persoas e o seu xeito de entender o ecosistema que compartimos. A relación entre os habitantes da cidade e a contorna urbana, en constante cambio de conceptos sociais e feitos rexistrados.

NEL AMARO

Membro da Academia da Lingua Asturiana e apátrida por decisión propia, desde 1992 leva a cabo un incansable labor poético no ámbito da acción e do arte público. Foi coordinador de numerosos eventos. As súas propostas forman parte do repertorio dos principais encontros de performance e arte de acción da península ibérica.

12 h. POR FAVOR, NON ME ENCERREN NUN MUSEO

(*Homenaxe a José Luis Brea*), **Rúa Príncipe, fronte ao Marco**

Duración 2h.

18:30 h. AULLIDOS URBANOS

Desde Praza Constitución ata o Verbum

Duración 2h.



YOLANDA PÉREZ HERRERAS

13 h. LA INUTILIDAD DE (TODAS) LAS BATALLAS

Porta do Sol- Praza da Princesa



«O deber de loitar ante o deber de competir sobre o deber de actuar co deber de sobrevivir. A fame de alcanzar ante a sede de éxito sobre a xordeira común coa furia de vivir. Como antollos anódinos que non afectarán ao pretérito nin ao porvir. Entón, cal é a materia do que procuramos proxectar? As consideracións son só iso: xuízos».

Co-fundadora de *Alabastro* e editora de *Experimenta...* revistas de creación poética. Membro do Colectivo YEA!, é coordinadora dos

Encontros de poesía e acción VEN Y VINO en Madrid e dos Encontros de Arte de Acción e Performance Acción!MAD no Museo Reina Sofía de Madrid. O seu traballo é unha forma de socialización das súas experiencias persoais desde a esfera íntima en relación cos demais.

14h. FAME

Mercado de pedra



DOMIX GARRIDO

Esta acción aproxímase, como exercicio, ao significado dunha *fame* cada día máis oculta, máis ignorada, máis recóndita, inverosímil, afastada, arcaica... esquecida palabra. Para Domix, a nosa acomodada e civilizada óptica occidental manifesta a súa desconformidade cando se enfronta a certas situacións, especialmente ante aquelas que alteran o cotián. A celebración masiva da farsa, tácita e convenientemente aceptada, non implica sen embargo que desaparezan ou se mitiguen as inaceptables carencias que cuestionan a base estrutural da nosa integridade como seres humanos.

Domix Garrido desenvolve o seu traballo en encontros aloxados en espazos públicos. Dirixe ABIERTO DE ACCI'N en Murcia.

ANA MATEY


Recoñecida artista multi-disciplinar da escena madrileña dentro do ámbito da arte de acción. O corpo é a súa principal materia de traballo, a través do cal explora os conceptos de tempo e identidade. Organiza e comisaría “ARTE en acciÓN”(ARTÓN)

17 h. ACCIÓN MADRID-VIGO

Rúa Príncipe, baixo o sireno

A acción comezará coa mesma viaxe desde Madrid, e coa fabricación do xeo necesario na casa da artista.

Cantos vasos de auga recóllense nun traxecto desde Madrid ata Vigo? Cantos pasos danse durante o desxeo dun *nobelo*? De que xeito xear un nobelo e que ao desxear se *desnobe*le?



20: 30 h. POESÍA E ACCIÓN

VERBUM

SERGI QUIÑONERO



Poeta, editor e performer en activo desde 1993,

afincado en Barcelona. Pódese rastrexar a súa traxectoria e obra en diversas antoloxías e revistas especializadas de poesía visual. Adoita expor individual ou colectivamente e pódese ver sobre os escenarios recitando e executando accións poéticas. Publicou diversos libros, entre eles: *7 poemas do Natural*, en Euphorbia Pulcherrima (2006) e *Códigos*, en Pix Editorial (1998).

A acción serve a Quiñero como medio de expresión para aqueles poemas que necesitan da presenza do corpo para a súa manifestación, do movemento e/ou o xesto.

Día 15, 20 h.

BEGOÑA

QUQUEJO ninlmm

É unha acción poética de danza, traballada para un escaparate ou calquera espazo apropiado para cazar as fronteas pegadas aos cristais. Unha peza que conflúe co *Alicia* de Carlos Oroza.



Concepto e idea orixinal: **Begoña Cuquejo**

Música orixinal: **Estevo Creus**

Espazo sonoro: **Begoña Cuquejo**

Deseño de maquillaxe: **Paulina Alonso**

Texto: **Carlos Oroza**

Bailarina profesional desde 2006, a ourensá Begoña Cuquejo traballou en compañías como *Mercé de Rande*, *D2* ou *Talytakumy*. A súa coreografía *Cos pés na terra* foi seleccionada para o Certame Coreográfico de Madrid en 2008. Fundadora, con Marta Alonso, da compañía *Traspediante*.

Día 15, 21 h.

S/T (resaca de domingo)

Autoría e performers:

MARÍA ROJA e FRAN BUCETA


Manipulación sonora: **BERIO MOLINA**

Fran Buceta e María Roja adícanse á creación escénica combinando o seus quefaceres no eido das artes plásticas coa súa formación como actores. Berio Molina é creador e programador que traballa no campo da arte interactiva e dixital ligada ao feito sonoro. É membro do colectivo *Escoitar.org* e *Alg-a.org*.

Non ter nada que facer. Un extravío que nos sume en estados perceptivos alterados, en ausencias momentáneas. Un estrañamento respecto á realidade, na que a mirada descubre o poético do ordinario. Compartir un tempo real, o tempo cotiá.

Pararse. Aburrirse.

Resistir.



Día 16, 20 h.

«Caben todos los ruidos»

Unha radioperformace de

ÁNGELES OLIVA e TOÑA MEDINA



Espectáculo radiofónico que fala do medo. Obra escénica que mostra o que hai nas tripas da radio. A través da voz e de efectos sonoros realizados de xeito artesanal, oito micrófonos recollen no escenario fic-

cións contadas cun tetrabrick, unha boneca ou un acio de globos. É unha homenaxe aos ruidistas e o seu traballo na sombra, un espectáculo que achega a intimidade e a calidez da radio cunha estética contemporánea.

Desde a apertura da Casa Encendida en Madrid, Ángeles Oliva e Toña Medina coordinan o *Laboratorio de Radio Experimental* e creación radiofónica. Alí realizan *Cápsula*, un programa de radio semanal. Recibirán numerosos premios e recoñecementos en Festivais de ámbito internacional.

Deseño son: Roberto Sebastián

Deseño luces: Elena Fernández

Coprodución: Festival Mapa

Día 16, 21h.

LOGAN3

«*Cuanto más lo pienso más me peino*»

Performace lírica que integra música en directo e efectos sonoros, proxeccións e poesía, formado por **JAVIER MONTERO MARTÍ**, masterizado en Mecánica Estética Epi e Hipogea, **LUIS SOMOZA**, Orto-diletante da Teorética Circular e Cincunculatoria, e **EMILIO PAPEL**, Especialista e Per-soal-Trainer en Pornosofía Mediata e Inmediata, que pretenden transgredir as leis do Pomponerismo e da Pompagogia.



Aire unha proposta de CLEMENTE PADÍN


Acción artístico-social.

Instrucións para levala a cabo:

Colgar a palabra A I R E con letras soltas dispostas a disímil altura nunha árbore grande nun lugar de gran afluencia de público. Pódense utilizar dunha a varias árbores de acordo ás posibilidades de produción. O material a empregar na confección das letras será nailon ou cartón branco (se é posible fluorescente para que se vexa de noite), duns dous a tres metros de altura en formato Arial.

Cada persoa que leve a cabo a acción permanecerá durante 2 horas sentada xunto á árbore portando unha máscara de gas ou unha simple máscara facial, e ofrecerá aos transeúntes volantes tamaño postal denunciando a problemática do aire e a súa contaminación. Ao cabo das 2 horas, as letras serán paseadas polas inmediacións levadas por 4 axudantes. Finalmente as letras serán deixadas no chan fronte ao edificio do Museo Verbum.

Clemente Padín, Montevideo, Uruguay (1939), é un recoñecido poeta experimental a nivel internacional. Foi impulsor de importantes proxectos nos anos '60 do XX, entre eles a creación das revistas *Los Huevos del Plata* e *Ovum 10*.



Produce: Verbum-Casa das Palabras
Organiza: Inaudita.org
Dirección artística: Julio Fernández Peláez
Coordinación do proxecto:
Zaida Gómez e Cristina Pan